

# SEGREDOS DUN ESCÁNDALO

# 1245

Todd Haynes, 2023

ESTREA EN NUMAX: 23.02.2024 | V.O.S.E. | +117 min

Vinte anos despois de que o mediático romance entre Gracie Atherton-Yu e seu mozo marido Joe escandalizase o país, cos seus fillos a piques de se graduar no instituto, vaise rodar un filme sobre a súa historia. A actriz Elizabeth Berry pasará un tempo coa familia para tentar entender mellor a Gracie, á que vai interpretar, provocando que a dinámica familiar se desfaga baixo a presión da ollada exterior.

«Unha parábola culta, desangrada e turbadora sobre a manipulación, as pegadas do maltrato infantil e a mentira cruel do amor romántico»

Luis Martínez, EL MUNDO



## Notas do director: «Conseguín identificarme cuns personaxes cos que non estou nin a favor nin en contra»

Por Todd Haynes

*Segredos dun escándalo* explora o noso gran rexeitamento a mirarnos a nós mesmos. É fágoo cunha película sobre unha familia estadounidense nacida dun escándalo, que se converteu nun acontecemento mediático nacional. Co fin de coñecer a fondo a muller que protagonizou esta polémica e a vida que levou coa súa familia desde entón, unha actriz viaxa a Savannah (Xeorxia) e comeza o delicado proceso de exploración desta estraña e conmovedora historia. Así logramos comprender o pasado da matriarca, e do seu novo marido: un coreano-americano, con quen comezou o seu romance cando el tiña apenas 13 anos.

Todas as vidas, todas as familias, son o resultado de eleccións, e hai poucas relacións románticas máis polémicas que esta á que aquí nos referimos; sendo proba diso, o rexeitamento e desprezo unánime que suscitou en todo o mundo, e contra o que levan loitando dúas décadas, tanto Gracie e Joe Yoo como os seus dous fillos, que actualmente están a terminar os estudos de ensino Secundario. Elizabeth, a actriz, penetra no mundo de Gracie, e así chega a coñecer tamén ao seu marido Joe. Destaca o feito de que a postura de Elizabeth, nun principio ríxida e inflexible, empeza a fraquear, pois o retrato honesto, verídico, que pretende crear vese filtrado polas súas ambicións, as súas ideas preconcebidas, e as súas propias negacións. A medida que a personalidade de Joe vai saíndo á luz, tanto para nós como para el mesmo, os espectadores descubrimos tamén as similitudes, cada vez máis evidentes, entre Elizabeth e Gracie; a pesar de que ningunha das dúas quere recoñecelo.

Mediante este silencioso cambio de perspectiva, a película pasa do retrato simple ao dobre e ao triplo. O que máis me atraeu do excepcional guión de Samy Burch, que Natalie Portman me enviou en 2020, foi a forma en que abordaba temas potencialmente escandalosos, con tanta meticulosidade, que conseguía explorar a psique dos personaxes da historia cunha sutileza pouco común. Estaba cargado de ambigüidade moral, que como película, levaría ao espectador a un estado activo de observación e cuestionamento. Ademais de todo o anterior, este cativador proxecto brindoume a oportunidade de traballar con Natalie Portman.

Portman aceptou o reto de interpretar á actriz, e, aínda por riba, compartindo cartel con Julianne Moore, no papel da enigmática Grace. Completar o trío non foi unha tarefa sinxela, pero finalmente decantámonos por Charles Melton para o papel de Joe. E con este reparto logramos narrar unha historia que reconstruía o pasado e describía o presente desta peculiar familia cunha sutileza asombrosa.

Durante a fase preparatoria escoitei arreo a banda sonora de Michel Legrand para *O mensaxeiro* (Joseph Losey, 1971) e pouco despois este hábito estendeuse a toda produción, de maneira que esa melodía terminou soando durante a rodaxe da película, e tamén durante a montaxe. Finalmente, o compositor Marcelo Zarvos utilizou a música de Legrand, xunto coas súas propias composicións, para crear a banda sonora de *Segredos dun escándalo* sendo o resultado unha especie de diálogo entre os temas e as estratexias narrativas desta longametraxe; e os doutras películas, de épocas pasadas. Ademais da música, o extraordinario guión do filme, xunto con excelentes interpretacións de Cory Michael Smith, Elizabeth Yu, Gabriel Chung e Piper Curda, entre outros; e a beleza estética, obra do equipo creativo, fixeron posible algo, que facía tempo que non atopaba no cinema: identificarme cos lugares máis insospeitados e sentirme atraído, e sorprendido á vez, por unha historia e uns personaxes cos que nunca estou do todo, nin a favor nin en contra.